

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
CELEBRADA O DÍA 07 DE XUÑO DE 2012.**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **CATORCE HORAS E DEZ MINUTOS** do día **SETE DE XUÑO DE DOUS MIL DOCE**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D<sup>a</sup>. PAULA FERNANDEZ PENA**, réunese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, coa asistencia dos tenentes de Alcalde **D<sup>o</sup> MANUEL CUIÑA FERNANDEZ** e **D<sup>o</sup> MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE** e os concelleiros **D<sup>o</sup> ANTONIO COUSO ÁLVAREZ** e **D<sup>o</sup> KLAUS BREY MONTAÑA** e da Secretaria da Corporación **CRISTINA ALONSO LOSADA**, que suscribe e da fe.

**Interventora do Concello:** Non asiste.

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión, da cal non hai convocatoria asinada da orde do día pola Alcaldesa, por haber sido convocada verbalmente pola Alcaldía.

**En primeiro lugar ratifícase a urxencia da sesión por unanimidade dos presentes.**


**ASUNTOS FORA DA ORDE DO DÍA:**

Segundo o establecido nos artigos 82, 83, 91.4º e 113 do RD 2568/86 R.O.F. por unanimidade dos membros presentes, a Xunta de Goberno Local acorda tratar na sesión por motivo de urxencia os seguintes asuntos non incluídos na orde do día, que declaran urxentes:

**1º.- Resolución da Deputación Provincial de Pontevedra de data 30 de maio de 2012. Acondicionamento aparcamento e muro peche C.F. de Bandeira.**

Segundo o establecido nos artigos 82, 83, 91.4º e 113 do RD 2568/86 R.O.F. por unanimidade dos membros presentes, a Xunta de Goberno Local acorda tratar na sesión por motivo de urxencia o seguinte asunto non incluído na orde do día, que declara urxente:

Dase conta do escrito remitido pola Deputación Provincial de Pontevedra, de data 30 de maio de 2012, asinado polo Secretario (registro de saída da Deputación Provincial do 31 de maio de 2012, nº 006699 e registro de entrada nº 3083) de data



05 de xuño de 2012), dando traslado da resolución presidencial que literalmente dí:

*“A Presidencia, en uso das facultades que lle confire a normativa vixente, dita a seguinte Resolución:*

*Conforme o previsto na base décimo sexta do Plan de Investimentos da Deputación de Pontevedra 2009-2011 RESOLVO entregarlle o investimento mim. 2011002207, denominado “Acondicionamento aparcamento e muro peche F.C. de Bandeira”, que recibiu esta Deputación na data 26/08/2011, ó Concello de “Silleda” para que quede á súa disposición e coidado, correndo ó seu cargo a conservación e mantemento. Deste acto redactarase a correspondente acta de entrega material. O investimento entrégase en perfectas condicións para que poida utilizarse para o seu fin e poñerse en servizo ó público.*

*Co acto de entrega darase por pagada a subvención deste investimento, ó mesmo tempo que se incorporará ó correspondente inventario xeral de bens e dereitos do concello, dándose de baixa no inmovilizado da Deputación.*

*O que lle traslado para o seu coñecemento, cumprimento e demais efectos.*

*Pontevedra 30 de maio de 2012  
O SECRETARIO”*


**A Xunta de Goberno Local queda enterada.**

**2º.- Escrito de Espina & Delfin S.L.. Recibos pendentes de pago correspondentes ao 4º Trim/2011.**

Segundo o establecido nos artigos 82, 83, 91.4º e 113 do RD 2568/86 R.O.F. por unanimidade dos membros presentes, a Xunta de Goberno Local acorda tratar na sesión por motivo de urxencia o seguinte asunto non incluído na orde do día, que declara urxente:

Dase conta do escrito de data 29 de maio de 2012, (Rexistro de Entrada nº 2981, de data 31 de maio de 2012), remitindo **relación de abonados do servizo municipal de augas** que atópanse con recibos pendentes de pago, correspondentes ao 4º trimestre 2011.

**A Xunta de Goberno Local queda enterada.**



**3º.- Escrito da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental sobre modificación da autorización ambiental integrada para o depósito de residuos de construción e demolición. Titular: Explotación Minera de Campomarzo S.A. Emprazamento: Concello de Silleda.**

Segundo o establecido nos artigos 82, 83, 91.4º e 113 do RD 2568/86 R.O.F. por unanimidade dos membros presentes, a Xunta de Goberno Local acorda tratar na sesión por motivo de urxencia o seguinte asunto non incluído na orde do día, que declara urxente:

Dase conta do escrito remitido pola Xefa do Servizo de Prevención e Control Integrados da Contaminación da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, de data 25 de maio de 2012 (registro de saída da Xunta do 29 de maio de 2012, nº 007612 e registro de entrada nº 2971 de data 31 de maio de 2012), dando traslado de copia compulsada da Resolución do 9 de maio de 2012 pola que se modifica a Resolución de 19 de maio de 2010 pola que se outorga a autorización ambiental integrada para o depósito de residuos de construción e demolición no concello de Silleda, que literalmente di:

***“RESOLUCIÓN DO 9 DE MAIO DE 2012, DA SECRETARIA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL POLA QUE SE MODIFICA A RESOLUCIÓN DE 19 DE MAIO DE 2010 DA SECRETARIA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL, POLA QUE SE OUTORGA A AUTORIZACIÓN AMBIENTAL INTEGRADA PARA DEPÓSITO DE RESIDUOS DE CONSTRUCIÓN E DEMOLICIÓN NO CONCELLO DE SILLEDA (PONTEVEDRA). TITULAR: EXPLOTACIÓN MINERA DE CAMPOMARZO, S.A. CLAVE: 2007/0008\_NAA/IPPC***

#### **ANTECEDENTES DE FEITO**

***Primeiro.- O 19 de maio de 2010, outorgouse autorización ambiental integrada para depósito de residuos de construción e demolición, no concello de Silleda (Pontevedra).***

***Segundo.- O 12 de marzo de 2012 (registro entrada nº 3.444), D. Miguel Ángel Fernández Taboada en nome e representación da empresa Explotación Minera de Campomarzo, S.A. comunica o cese temporal da actividade a partir do día 4 de abril, co obxectivo de acometer un proxecto de adecuación, mellora e ampliación do vertedoiro.***

***Neste comunicado solicítase a revisión do Plan de Vixilancia Ambiental a executar no vertedoiro durante o cese temporal da actividade.***

**Terceiro.-** O 10 de abril de 2012 realizase inspección ás instalación da empresa Explotación Minera de Campomarzo, S.A. para constatar o cese da actividade, na que se comproba que:

- No vertedoiro non se observan tongadas de residuos depositadas recentemente.
- No libro de rexistro a última entrada rexistrada de empresas alleas e do 4 de abril de 2012, e unha entrada da planta de valorización propia do 9 de abril de 2012.
- A superficie do vaso recubriuse con árido da propia explotación, e volverase a cubrir ata quedar totalmente acondicionado.

**Cuarto.-** O 18 de abril de 2012, de conformidade co artigo 20 da Lei 16/2002, de 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación, rerniteselle ao titular da instalación o borrador da modificación da Resolución de 19 de maio de 2010 pola que se lle outorgou AAI a ese titular, co obxecto de darlle trámite de audiencia. Con data de hoxe, ao non recibir contestación por parte de Explotación Minera de Campomarzo, considérase que non hai alegacións ao borrador.

En base da información dispoñible, esta Secretaría Xeral considera que a modificación prevista **non é substancial** en base aos criterios recollidos no artigo 10.2 da Lei 16/2002.

Procedese actualizar a mencionada autorización nos termos que se recollen a continuación.

### **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**Primeiro.-** De conformidade co disposto no Decreto 44/2012, do 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas a SXCAA é o órgano competente para conceder a autorización ambiental integrada.

Por todo o anterior,

### **RESOLVO**

**Primeiro.-** Procédese a modificar o Anexo V, da AAI, quedando este como se reflicte a continuación:

**ANEXO V: PROCEDEMENTOS DE VIXILANCIA E CONTROL AMBIENTAL**

*A instalación debe estar dotada dunha rede de vixilancia que permita obter datos meteorolóxicos, sobre augas superficiais, lixiviados, ruído, sobre as augas subterráneas e solos potencialmente afectados e sobre a topografía e outros datos.*

## **A) CONTROIS**

### **1. Obtención de datos meteorolóxicos. Indicacións.**

*A empresa debe contar cunha rede de recollida de datos meteorolóxicos segundo as seguintes normas:*

- 1. A finalidade da obtención destes datos é a realización dun balance hídrico das augas recepciónadas no vertedoiro, como elemento eficaz para determinar extremos como a existencia de acumulación ou non de lixiviados no vaso de vertido ou a perforación da lámina.*
- 2. Deberase establecer unha estación próxima ao vertedoiro da que se xustifique convenientemente que a zona de vertido está dentro do seu ámbito de cobertura.*
- 3. En caso de que non se poida facer tal afirmación estimaranse os datos a partir dos obtidos nas tres estacións máis próximas que formen un triángulo no que quede inscrito o mesmo.*
- 4. Poderanse estimar a partir de datos de estacións meteorolóxicas de organismos oficiais.*
- 5. Os datos e a frecuencia de obtención dos mesmos será a indicada na seguinte táboa. No caso de que os datos meteorolóxicos sexan tomados de estacións de organismos oficiais bastará coa presentación do balance hídrico no resultado do plan a presentar ante esta secretaría xeral.*

<b>Controis</b>	<b>Acción</b>	<b>Frecuencia mínima</b>
<b>Datos meteorolóxicos</b>	<i>Medida do volumen de precipitación</i>	<i>Dato do valor medio mensual</i>
	<i>Medida de temperatura</i>	
	<i>Medida de evaporación</i>	
	<i>Medida de humidade atmosférica</i>	
	<i>Realización do balance hídrico</i>	<i>Dato trimestral</i>

### **2. Vixilancia e control de ruídos. Indicacións.**

*- Anualmente o titular deberá realizar unha campaña de control de ruídos que incluíra medicións en horario diúrno e nocturno (no caso de funcionamento neste*

horario), determinando o nivel de presión sonora xerado coa s instalacións en funcionamento.

### 3. Vixilancia e control de vertidos. Indicacións.

- A empresa deberá realizar os seguintes controis nos vertidos:


a) Augas residuais industriais (lixiviados): a frecuencia mínima de control na arqueta existente á saída do sistema de depuración, fíxase en:

<b>Parámetro (unidades)</b>	<b>Periodicidade</b>
<i>pH</i>	<i>Mensual</i>
<i>Sólidos en suspensión (mg/l)</i>	
<i>DQO total (mg/l)</i>	
<i>Materias sedimentales (mg/l)</i>	
<i>Aluminio disolto (mg/l)</i>	
<i>Ferro disolto (mg/l)</i>	
<i>Cromo VI disolto (mg/l)</i>	
<i>Chumbo disolto (mg/l)</i>	
<i>Cinc disolto (mg/l)*</i>	
<i>Cobre disolto (mg/l)</i>	
<i>Sulfatos (mg/l)</i>	
<i>Fluoruros (mg/l)</i>	

Todas as mostras tomaranse de maneira integrada durante un período de 24 horas.

b) Augas residuais pluviais vertidas sen depuración previa á cuneta perimetral asociada ao viario de acceso ao vertedoiro e posteriormente infiltradas no terreo a frecuencia mínima de control das augas residuais citadas previo ao seu vertido ao dominio público será:

<b>Parámetro (unidades)</b>	<b>Periodicidade</b>




<i>pH</i>	<i>Trimestral</i>
<i>Sólidos en suspensión (mg/l)</i>	
<i>DQO total (mg/l)</i>	
<i>Materias sedimentales (mg/l)</i>	
<i>Aluminio disolto (mg/l)</i>	
<i>Ferro disolto (mg/l)</i>	
<i>Cromo VI disolto (mg/l)</i>	
<i>Chumbo disolto (mg/l)</i>	
<i>Cinc disolto (mg/l)*</i>	
<i>Cobre disolto (mg/l)</i>	
<i>Sulfatos (mg/l)</i>	
<i>Fluoruros (mg/l)</i>	

*As análises realizaranse sobre unha mostra integrada do primeiro vertido de cada trimestre. No caso de non efectuarse analítica nalgún trimestre por non producirse vertido, notificarase este feito a SXCAA. As mostras serán tomadas de modo integrado ao longo dun período mínimo de 8 horas; no caso de verterse durante un período inferior ás 8 horas, realizarase a mostraxe integrada durante o total do período de vertido.*

*No caso de que se acredite que non existe risco de contaminación destas augas residuais, poderase solicitar por escrito a exención deste control para a súa aprobación por parte deste Organismo Autónomo.*

- b) *Augas residuais fecais: Os límites do vertido das augas residuais fecais, así como a frecuencia mínima de control á saída do sistema de depuración e previamente á súa infiltración no terreo será a que se reflicte na seguinte táboa:*

<i>Parámetro (unidades)</i>	<i>Periodicidade</i>
<i>pH</i>	<i>Semestral</i>
<i>Sólidos en suspensión (mg/l)</i>	



<i>DBO<sub>5</sub> (mg/l)</i>	
<i>DQO total (mg/l)</i>	
<i>Nitróxeno amoniacal (mg/l)</i>	
<i>Fósforo total (mg/l)</i>	

**4. Rede de vixilancia e control de augas supeñiciais, lixiviados e augas subterráneas. Indicacións.**

- O titular deberá realizar un control do medio receptor - augas superficiais nos seguintes puntos:

- 50 m augas arriba do punto de vertido ao río Toxa
- 50 m augas abaixo do punto de vertido ao río Toxa


- A empresa debe ter instalada unha rede de vixilancia de lixiviados coas seguintes características:

- *As instalacións de tratamento de lixiviados deberán dispor de puntos de control da cantidade e calidade dos mesmos á entrada e saída da unidade de tratamento.*
- *En cada punto no que se descargue o lixiviado realizarase a toma de mostras e medición.*
- *A saída da tubaxe de polietileno do vaso de vertido servirá como punto de mostraxe.*

- A empresa deberá instalar unha rede de piezómetros segundo o indicado no apartado 4.3 do anexo IV da presente resolución e cumprirán as especificacións indicadas no mesmo.

- A frecuencia da toma de mostras e análises serán as determinadas na seguinte táboa,

<i>Controis</i>	<i>Acción</i>	<i>Frecuencia mínima</i>
-----------------	---------------	--------------------------







Controis de datos de emisión: augas superficiais, lixiviados e augas subterráneas	<i>Frecuencia de cualificación do caudal de lixiviados</i>	<i>Valor medio semestral</i>
	<i>Frecuencia de medida do nivel de augas subterráneas ou niveis freáticos</i>	<i>Semestral</i>
	<i>Frecuencia de determinación da composición de augas superficiais* e nivel simplificado para subterráneas* e lixiviados</i>	<i>Annual</i>
	<i>Frecuencia de determinación da composición de lixiviados e augas subterráneas. Nivel completo</i>	<i>Bienal</i>

\* *Estes controis deberán realizarse todos os meses de xuño e decembro de cada ano natural, debendo remitir á SXCAA os resultados antes da finalización do mes seguinte ao estudo.*

- *Os parámetros a analizar serán os indicados na táboa que se recolle ao final do presente Anexo, no apartado C.*


- *Xunto coas análises realizadas nas augas superficiais ou medio receptor debe incluírse unha avaliación dos efectos do vertido e do grao de mantemento dunhas condicións mínimas para o desenvolvemento da fauna acuática.*

##### **5. Rede de vixilancia e control da topografía da zona. Indicacións.**

- *Controlarase a estabilidade do vaso de vertido respectando as seguintes directrices:*

- *O control de estabilidade do vaso levarase a cabo establecendo puntos de medida nos que se controlarán os movementos horizontais e verticais da masa de residuos, así como as estruturas asociadas ao vaso de vertido. Ditos puntos definiranse en base ao resultado do estudo de estabilidade específico do vertedoiro.*
- *A descrición da estrutura e composición do vaso de vertido durante a explotación incluírá:*
  - a. Superficie ocupada polos residuos.*
  - b. Peso*
  - c. Volume*
  - d. Método de depósito e explotación que se está a realizar.*
  - e. Capacidade restante do vaso.*

- *A frecuencia dos controis a realizar e estudos, será a determinada na seguinte*



táboa:

<b>Controis</b>	<b>Acción</b>	<b>Frecuencia mínima</b>
Control da topografía da zona. Datos sobre o vaso de vertidos asentamentos.	<i>Recoñecementos e inspeccións de fendas afundimentos e erosións (recoñecemento visual)</i>	<i>Trimestral</i>
	<i>Control de asentamentos de subsistencias e de movementos horizontais e verticais da masa de residuos</i>	<i>Semestral</i>

## **B) DOCUMENTACIÓN E INFORMES**

- **Anualmente** a empresa deberá presentar unha memoria anual das actividades de xestión (eliminación), antes do 1 de marzo e segundo o modelo ena forma prevista pola SXCAA.

- **Bienalmente** a entidade explotadora do vertedoiro presentará unha actualización, avalada por auditor xurado de contas, da análise económica, mencionada na condición décimo cuarta da actividade de eliminación mediante depósito en vertedoiro punto 5.1.b.3, para dar cumprimento ao dito no artigo 11 do RD 1481/2001.

- **Mensualmente** presentaranse os resultados dos controis de vertidos das augas residuais industriais (lixiviados) depurados ante Augas de Galicia. De non producirse vertido notificarase este feito a Augas de Galicia.

- **Trimestralmente** presentarase perante a SXCAA unha memoria do plan de vixilancia e control ambiental na que se recolla a información xerada nese trimestre segundo as frecuencias e parámetros definidos na presente resolución. Todos os resultados deberán ir acompañados das conclusións obtidas da súa análise, con expresión gráfica dos resultados, comparación cos límites impostos (no seu caso), e análise da súa evolución temporal, e no seu caso espacial (por exemplo augas subterráneas). Tamén deberá incluírse o resumo de todas as accións de mellora ambiental emprendidas ou implantadas nas instalacións e o detalle de calquera incidente/accidente ocorrido no desenvolvemento da actividade que poida ter repercusións ambientais, indicando as medidas correctoras emprendidas, grado de efectividade das mesmas e se a acción se atopa xa pechada, ou no seu caso, data

*prevista da peche.*

***Nota.- A memoria trimestral incluíra aquela documentación que corresponda en función da frecuencia con que teñan que realizarse os estudos/documentos.***

- ***Xunto co primeiro informe trimestral deberán presentar o seguinte:***
  - *Plano/s nos que se localicen os puntos de mostraxe para cada un dos aspectos ambientais a controlar, adaptado/s as éixencias da presente resolución.*
  - *Os brancos de comparación dos puntos de mostraxe.*
  - *Nomeamento dos responsables indicados ao longo da AAI: responsable do control do cumprimento de dita resolución, responsable da xestión do vertedoiro e responsable técnico das instalacións de depuración*
- ***A información de seguimento que se solicita na presente resolución:***
  - *Presentarase ante esta SXCAA aportando un (1) exemplar do documento en papel e dous (2) exemplares en CD.*
  - *Os documentos a presentar deberán vir asinados polos técnicos competentes responsables da súa elaboración.*
  - *Os exemplares que se presenten en CD deberán presentar unha estrutura que permita unha lectura congruente da información.*
  - *Tódolos documentos estarán correctamente identificados incluíndo, se fose o caso, o número de revisión que corresponda, e indicando sempre a súa data de elaboración.*
  - *Como os exemplares en CD deben conter a mesma información que os exemplares en papel, ambos deberán identificarse cos mesmos títulos debendo ser a única diferenza o formato en que se presentan.*
- ***En función dos resultados acadados no plan de vixilancia e control ambiental, esta SXCAA poderá modificar a frecuencia e a relación de parámetros e puntos a controlar.***
- ***Ao longo da vixencia do plan de control e vixilancia avaliarase o grado de adecuación das medidas pro postas e dos controis realizados; caso de non obter os resultados esperados, a empresa, ou ben desde este centro directivo, adoptarán as medidas correctoras complementarias que se consideren axeitadas.***
- ***A entidade explotadora notificará nun prazo máximo de 24 h á SXCAA e ao Concello correspondente todo efecto negativo significativo sobre o medio ambiente posto de manifesto nos procedementos de control e vixilancia e acatará a decisión da SXCAA sobre a natureza e o calendario das medidas correctoras que deban***

adoptarse; estas medidas poranse en práctica a expensas da entidade explotadora.

- Os resultados da totalidade dos controis serán arquivados na planta, debendo facilitarse á Administración en caso de que esta os requira.

### C) TÁBOA DE PARÁMETROS A CONTROLAR

#### c.1) Lixiviados e augas subterráneas

PARÁMETRO	ALCANCE ANALÍTICO		PARÁMETRO	ALCANCE ANALÍTICO	
	NIVEL SIMPLIFICADO	NIVEL COMPLETO		NIVEL SIMPLIFICADO	NIVEL COMPLETO
pH	X	X	Chumbo (mg/l)	X	X
Temperatura (°C)		X	Aluminio (mg/l)		
Conductividade (uS/cm.)	X	X	Bario (mg/l)	X	X
DQO (mg O <sub>2</sub> /l)	X	X	Berilio (mg/l)		
DBO <sub>5</sub> (mg O <sub>2</sub> /l)	X	X	Boro (mg/l)		
COD	X	X	Cobre (mg/l)	X	X
COT	X	X	Ferro (mg/l)		
Alcalinidade e dureza (mg CaCO <sub>3</sub> /l)	X	X	Prata (mg/l)		
Carbonatos/bicarbonatos (mg/l)			Cinc (mg/l)	X	X
Calcio (mg/l)		X	Talio (mg/l)		
Magnesio (mg/l)			Teluro (mg/l)		
Potasio (mg/l)		X	Antimonio (mg/l)	X	X
Sodio (mg/l)		X	Niquel (mg/l)	X	X
Sólidos en suspensión (mg/l) e materia sedimentable (ml/l)	X	X	Selenio (mg/l)	X	X
Cianuros (mg/l)		X	Cobalto (mg/l)		
Cloruros (mg/l)	X	X	Molibdeno (mg/l)	X	X
Fluoruros (mg/l)	X	X	Vanadio (mg/l)		

PARÁMETRO	ALCANCE ANALÍTICO		PARÁMETRO	ALCANCE ANALÍTICO	
	NIVEL SIMPLIFICADO	NIVEL COMPLETO		NIVEL SIMPLIFICADO	NIVEL COMPLETO
Nitratos e nitritos (mg/l)		X	Coliformes totais (NMP ou UFC/100 ml)		
Nitróxeno Kjeldahl total (mg/l)		X	Coliformes fecais (NMP ou UFC/100 ml)		
Amonio (mg/l)		X	Fenois (mg/l)	X	X
Sulfatos e sulfuros (mg/l)	X	X	Hidrocarburos e aceites (mg/l)	X	X
Fósforo total (mg/l)		X	HPA (mg/l)		
Arsénico (mg/l)			Orgánicos volátiles e semivolátiles (mg/l)		
Cadmio (mg/l)	X	X	Pesticidas e herbicidas (mg/l)		
Cromo total e VI (mg/l)	X	X	BTEX (mg/l)		
Manganeso (mg/l)			PCBs (mg/l)		
Mercurio (mg/l)	X	X			

**c.2 ) Augas superficiais**

PARÁMETROS	
pH	Amonio total (mg/l)
Sólidos en suspensión (mg/l)	Fosfatos (mg/l)
DBO <sub>5</sub> (mg O <sub>2</sub> /l)	Nitritos (mg/l)
O <sub>2</sub> disolto (mg/l)	Cobre (mg/l)
Cinc (mg/l)	

**Segundo.-** Notificar esta resolución a EXPLOTACIÓN MINERA DE CAMPOMARZO, SA e ao Concello de Silleda, aos efectos oportunos.

Contra esta resolución, que non pon fin a vía administrativa, poderá interpoñer no



*prazo dun mes, recurso dealzada ante o conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, de conformidade eo disposto no artigo 114 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).*

*Santiago de Compostela, 9 de maio de 2012  
Asdo. Justo de Benito Basanta  
Secretario Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.”*

**A Xunta de Goberno Local** queda enterada.

**4º.- Grupo Municipal de Intervención Rápida 2012 (GRUMIR).**

Segundo o establecido nos artigos 82, 83, 91.4º e 113 do RD 2568/86 R.O.F. por unanimidade dos membros presentes, a Xunta de Goberno Local acorda tratar na sesión por motivo de urxencia o seguinte asunto non incluído na orde do día, que declara urxente:

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes **acorda:**

**1º.- Resolución de alegacións:**

**Visto que presentáronse as seguintes alegacións para a contratación do GRUMIR, así como as resolucións do Primeiro Tenente de Alcalde e Concelleiro de Obras e Servizos, Manuel Cuiña Fernández:**

1º.- Alegación presentada por: Fernández Rozados Esteban

Data do escrito: 05 de xuño de 2012

Rexistro de Entrada/Data: 3089 de 05 de xuño de 2012

Solicitud da alegación:

A mostra ao público dos ditos títulos e traballos en empresas fraudulentos e se mostren á cidadanía a veracidade de carnets e de cursillos.

Resolución da alegación:

Vista a súa alegación se informa que os títulos serán verificados por esta concellería encargada de facer as contratacións do Grumir e non existe constancia de ningunha empresa ou traballo fraudulento.

Polo exposto anteriormente a solicitude queda desestimada.

2º.- Alegación presentada por: Vázquez Espantoso Juan Carlos

Data do escrito: 06 de xuño de 2012  
Rexistro de Entrada/Data: 3093 de 06 de xuño de 2012

Solicitud de alegación:

Que sea modificada la puntuación con respecto a la documentación presentada por mi con motivo de la selección de personal para el Grumir que se está llevando a cabo en estas fechas por no ser exacta en su totalidad.

Además de los puntos que acredito por méritos no se han tenido en cuenta otros factores que menciono en mi currículum vitae y que acredito con la documentación que presento en este acto.

Considero que no se ajusta a la realidad de mi situación lo siguiente:

- Habiéndome computado una antigüedad como demandante de empleo de 6 meses, siendo en realidad, de un año, mi puntuación debería de ser mayor.
- He desempeñado trabajos relacionados directamente con la construcción durante más de 3 años (en las empresas Geotecnia y Cimientos S.L-Geocisa-, y Appus Norcontrol SLU). Tras haber acreditado en mi currículum vitae haber trabajado en empresas dedicadas a la construcción, resulta cuanto menos curioso tener cero puntos en el apartado dedicado al mismo nombre: construcción

Resolución da alegación:

Vista a súa alegación se informa que :

En canto á antigüidade no paro, adxúntase documentación na que consta que está inscrito comodemandante de emprego dende o 10 de xuño de 2011, polo que a valoración, dado que o proceso de selección se realizou o día 4 de xuño de 2012, corresponde á franxa de 6 a 12 meses, tempo ao que corresponderían segundo a baremación establecida un total de 3 puntos.

A experiencia a valorar que aporta fala de analista de laboratorio. Non se considera como experiencia laboral nos sectores de construcción ou xardinería, senon que é traballo de interior.

Polo exposto anteriormente, a solicitude queda desestimada.

3º.- Alegación presentada por: Soria García César  
Data do escrito: 05 de xuño de 2012 e 06 de xuño de 2012 respectivamente  
Rexistro de Entrada/Data: 3087 de 05 de xuño de 2012 e 3092 de 06 de xuño de 2012 respectivamente.

Solicitud de alegación:

Escrito de data 05 de xuño de 2012: Solicito en el Concello de Silleda con fecha 5 de junio de 2012 que sean revisados los expedientes de contratación del personal del Grumir. En dicha contratación se pueden observar como hay

personas que están sobrevaloradas en cuanto a cursos se refiere. En mi caso personal creo que non se ha puntuado de manera eficiente la experiencia en desbroces, dado que sí he trabajado en tales fines largos periodos de tiempo, en el propio Concello. Dispongo también de multitud de cursos que creo que no se me han tenido en cuenta

Escrito de data 06 de xuño de 2012: Que habiendo visto la selección del personal del Grumir en los tablonos de anuncios del Concello y no estando de acuerdo con la puntuación que en mi caso personal se efectúa solicito: una revisión de mi expediente así como de mi curriculum dado que en el apartado de experiencia construcción, no consta ningún punto y debería por haber trabajado en una empresa de dicha rama (Geocisa-Geotecnia y Cimientos SA) tal y como reza en mis documentos acreditados a este Ayuntamiento. Veo necesaria una nueva revisión de mis puntos, actualizada, porque está incompleta

Resolución da alegación:

Vista a súa alegación se informa que :

En canto á primeira solicitude, faise constar que D. César Soria García, presenta títulos repetidos do mesmo curso, enténdéndose esto como duplicidade documental.

En alusión á reclamación da puntuación nos desbroces, no curriculum aportado á bolsa de emprego, non queda acreditada dita experiencia.

A experiencia a valorar que aporta fala de analista de laboratorio. Non se considera como experiencia laboral nos sectores de construcción ou xardinería, senon que é traballo de interior.

Polo exposto anteriormente, a solicitude queda desestimada.

4º.- Alegación presentada por: Conde Miguélez Jorge  
Data do escrito: 06 de xuño de 2012  
Rexistro de Entrada/Data: 3090 de 05 de xuño de 2012  
Solicitude da alegación: Revisión da baremaxe.

Resolución da alegación:

Unha vez revisado o seu Curriculum Vitae puntúase:

Carnet C .....	10 puntos
Carnet BTP .....	10 puntos
Experiencia lumes .....	10 puntos
Experiencia en desbroces .....	0 puntos
Experiencia en construcción/xardinería ,, .....	0 puntos
Cursos relacionados .....	2 puntos.

(non se valorou curso en marquetin turístico nin en deseño gráfico, por non



ter relación coa área que nos ocupa)  
Cargas familiares ..... 3 puntos

Antigüidade no desemprego ..... 0 puntos  
por non levar mais de 6 meses inscrito no INEM

Observado esta puntuación, estímase que concorda coa anterior, polo que a solicitude queda desestimada.

5º.- Alegación presentada por: López Pérez Ismael Antonio  
Data do escrito: 06 de xuño de 2012  
Rexistro de Entrada/Data: 3091 de 06 de xuño de 2012

Solicitude da alegación:

A anulación do proceso selectivo e a realización doutro novo con criterios obxectivos, tendo en conta o seu curriculum, xa que logo cumpre cos requisitos xerais e particulares da convocatoria e non entende o motivo polo cal nen sequera figura como participante no proceso selectivo, sendo esto unha clara mostra de discriminación de determinados aspirantes sen xustificación algunha.

Resolución da alegación:

Vista a alegación se informa que:

O solicitante non cumpre con algúns dos requisitos xerais pedidos na convocatoria, xa que na bolsa de emprego, pese a ter o seu curriculum non consta a perceptiva folla de inscrición que deben de cubrir todos os demandantes de emprego que solicitan inscribirse no programa municipal. É mais, o curriculum foi enviado ao citado servizo municipal por correo electrónico, sen que o interesado se personase nas dependencias municipais e polo tanto teña sen firmar a perceptiva folla de inscrición, como se require a todos os inscritos.

Polo exposto anteriormente a solicitude queda desestimada.

**2º.- A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a realización da contratación dos operarios que conformarán o Grupo Municipal de Intervención Rápida, sen perxuízo de que poidan ser rexeitados durante o período de proba se non resultara acreditada a documentación dos datos recollidos no curriculum entregados na bolsa municipal de emprego, segundo a proposta do Primeiro Tenete de Alcalde. Concelleiro de Obras e Servizos Manuel Cuiña Fernández, sobre a contratación dos operarios que conformarán o Grupo Municipal de Intervención Rápida, que son os seguintes:**

**CAPATACES**

- Rodríguez García Manuel
- López Couto César
- Rodríguez Alcobre Plácido.

**OPERARIOS PEÓNS:**


- Conde Núñez Marcos
- González Estévez José Manuel
- Cochón Núñez Carlos
- Vidueiros Mayán Rubén
- Peña Rodríguez Alfredo
- Miguélez Souto Iván
- Garrido López Luisa
- Bibián Fernández María José
- Vázquez Meiriño M<sup>a</sup> Rosario

---

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Sra. Alcaldesa levántase a sesión as quince horas e cinco minutos, extendéndose a presente acta, do que como secretaria xeral, dou fe e certifico.

Silleda, a 07 de xuño de 2012.

V<sup>o</sup> e Prace  
A ALCALDESA,



Dou fe. A secretaria xeral

Asdo. Paula Fernández Pena

Asdo. Cristina Alonso Losada